

MARÉ**ORALIDADE**

■ Actuará o grupo
Zoar no vento

O poeta Isidro Novo na Polafía que hoxe celebra a AELG en Neda

As Casas das Palmeiras de Neda acollen hoxe, a partir das sete da tarde, unha Polafía, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega co patrocinio da Consellería de Cultura e a colaboración do Concello e a Casa da Cultura de Neda.

Baixo o epígrafe *Historias arredor do lume*, a Polafía de Neda contará coa participación das veciñas e veciños de Neda, que contarán, cantarán e conversarán. O poeta Isidro Novo levará a cabo unha lectura de rimas populares, e Antonio Reigosa falará das lendas do lugar. Na actividade, de entrada libre, actuará o grupo musical Zoar do Vento.

As polafías son un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega, coordinado polo Vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, que conta coa colaboración de diversas asociacións e institucións.

A palabra polafía é un neologismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o rescatar do esquecemento e poñer en valor o patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns...) con semellantes contidos. ● REDACCIÓN